
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2010	PE403A 2009/80-1
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA	
Plan explotación⁽¹⁾	PERCEBE	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Percebe (<i>Pollicipes pollicipes</i>)
Ambito do plan	De punta Piaduro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes)
Subzonas de explotación	Zona A (Touriñán): de praia de Nemiña a punta Matemao Zona B (A Buitra): de punta Matemao a praia de Lourido. Zona C (A Barca): de praia de Lourido a punta Piaduro.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
58	8	23
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción	150											
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: A pé	xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: embarcación	xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	Habilitación enrolado e a bordo/día
Percebe	5 kg	-	5 kg

Artes a empregar	Raspa e trueiro
-------------------------	-----------------

Puntos de control	A pé: - Zona A: saída da pista de Moreira - Zona B: campo de Carlos - Zona C: campo de Boubirón e A Barca Embarcacións: rampla do peirao de Muxía.
Puntos de venda	Lonxa de Muxía

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Extracción semente para resembrar														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Sementeiras														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Traslados														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos						X	X	X						
Zonas: Zonas A, B														
Especies: Percebe														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arados														
Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Outros														

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Inclúen un listado de 60 percebeiros a pé, cando a piques de rematar o proceso de renovación de permex o número de percebeiros autorizados para traballar neste plan sería dun máximo de 58. Non inclúe a que ten renovado o permex para o ano 2010.

Recórdase o disposto na disposición adicional da Orde do 13 de novembro de 2008, pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000, pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Xestión da explotación: A explotación do ámbito do plan realizarase mediante a rotación das tres zonas de produción, podendo subdividilas en tramos máis curtos a fin de rarear zonas de percebe de baixa calidade. Non se autorizará a extracción cando a altura da marea supere o 1,30 m.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Accións de mellora: Os rareos previstos nas zonas de percebe de baixa calidade considéranse axeitados para a mellora da produción, non sendo así a proposta de que se realicen os sábados, posto que a lexislación vixente obriga ao descanso continuado de 48 horas as fins de semana ás embarcacións da 3ª lista. Os percebeiros a pé si poderían levar a cabo estes



traballos en sábado, sen embargo, a escasa organización deste sector e o agravio comparativo que suporía para cos tripulantes que, ao ser unha actividade obrigatoria, terían que realizalos en días laborables, desaconsella autorizar os rareos propostos os sábados. Deberán elaborar as normas que rexerán estes traballos e a súa organización, designar ás persoas responsables da organización e control e aportar esta documentación xunto coa preceptiva solicitude ao Departamento Territorial da Consellería de Mar.

Puntos de control: Como punto de control para as embarcacións só se aproba a rampla do peirao de Muxía. Recoméndase establecer puntos de control de a pé máis cercanos ás zonas de extracción. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo memo propietario que a entrega”*.

Para un seguimento técnico axeitado da explotación é imprescindible o funcionamento eficaz dos puntos de control establecidos, e a remisión mensual dos datos de extracción obtidos nos controis ó Departamento Territorial da Consellería do Mar.

Vixilancia: A realización de vixilancias serán obrigatoria para todos os participantes neste plan.

Réxime sancionador: O plan reflicte que o incumprimento das normas do plan ou dos acordos adoptados pola asemblea xeral da agrupación, será sancionado conforme ao establecido nos estatutos da confraría, previa apertura de expediente disciplinario. Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008, pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000, no que respecta ao incumprimento das prescrición contidas nos plans de explotación.

Cambio de modalidade: A proposta contida neste plan de *cambio de modalidade de permex a pé á da flote* para aqueles percebeiros que a súa vez son titulares dunha embarcación, é totalmente contraria á normativa vixente e ao procedemento de concesión de permisos tanto a pé como para as embarcacións.

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificación da aprobación do plan pola asemblea xeral da agrupación e polos órganos de goberno da confraría.
- Xustificación da exclusión de do plan presentado.
- Forma de organización e responsables do punto de control.